

GUÍA DOCENTE DE **XESTIÓN DO PATRIMONIO MUSICAL**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: XESTIÓN DO PATRIMONIO MUSICAL									
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIO			Etnomusicoloxía, Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.				6					Observacións:
									3h.

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Aproximación ao concepto de patrimonio musical, delimitando o marco legal ao que está suxeito, e coñecendo as principais institucións encargadas da súa xestión. Técnicas de conservación e catalogación do patrimonio musical. O patrimonio musical como punto de partida e de referencia da actividade musical.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Non se requiren
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T 7, T14, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X 5, X8, X18, X20, X23, X25, X27
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM2, EM4, EM5, EM6, EM7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Estudar o concepto de patrimonio musical, delimitando o marco legal ao que está suxeito.	T17, X25, X27, EM6
2. Coñecer as principais institucións encargadas da xestión do patrimonio musical español.	T17, X18, EM5
3. Coñecer e apreciar a historia do patrimonio musical español.	T16, X18, EM2, EM7
4. Valorar o patrimonio musical como punto de partida e de referencia da actividade musical.	T16, X18, EM7

4. CONTIDOS
Introdución ao patrimonio musical
Tipoloxía dos arquivos musicais españois
O repertorio musical nas bibliotecas
Centros de documentación musical



Institutos de investigación
As catedrais e as colexiatas
As capelas musicais

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro...).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*